



RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” para o ano 2018.

Antecedentes

A secretaría do órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña non recibiu, por medios electrónicos ou en formato papel, a proposta do Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” para o ano 2016. Segundo establece o Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos”, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, establece no seu artigo 6º bis apartado 2 que a proposta do Plan será elaborada polas entidades asociativas que representan os pescadores e mariscadores incluídos no censo a que se refire a artigo 8º.

Así mesmo, o artigo 6º bis, no seu apartado 3, determina que o plan poderá ter unha vixencia plurianual (...) e cando non exista ningunha proposta presentada, a Dirección Xeral de Recursos Mariños, hoxe Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, poderá aprobar de oficio, logo de informe do órgano de xestión, un Plan de xestión integral.

O día 31.10.2017 reuniuse, en sesión ordinaria, o Oxesco da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión integral para o ano 2018.

Consideracións legais e técnicas

O Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, establece no seu artigo 5º as actividades permitidas e limitacións de uso na reserva mariña. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, navalla, poliquetos, anémonas, percebe, peneira ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)).

O artigo 6º bis, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 5º desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No artigo 6º bis, apartado 2 establece que o Plan de Xestión Integral será aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, logo de informe do órgano de xestión (...) e no apartado 3 establece que o Plan poderá ter unha vixencia plurianual e terá que ser presentado cunha anticipación mínima de 3 meses ao vencemento do Plan de Xestión Integral anterior. Cando non exista ningunha proposta presentada, a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá aprobar de oficio, logo de informe do órgano de xestión, un Plan de Xestión Integral.



O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

O 18.10.2017, o Oxesco emite informe favorable ao documento resultante como Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos" para o ano 2018 tras las deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día 31.10.2017.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2018.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.


Mercedes Rodríguez Moreda